

Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA

Delegación Provincial de _____

Nº Expediente:

Nome e apelidos, maior de idade, con DNI _____, e enderezo a efectos de notificación en _____, ante esta Consellería, comparezo, e como mellor en dereito proceda,

EXPOÑO

Que por medio do presente escrito veño a solicitar o recoñecemento e o abono dos atrasos correspondentes á miña RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA, ao abeiro do disposto no artigo 9.2 del Decreto 374/1.991 de 24 de Outubro da Consellería de Traballo e Servizos Sociais que desenvolve a Lei de 2 de Outubro de 1991, de medidas básicas para a inserción social no relativo á renda de integración social; solicitude que baseo nas seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA-. Que o ___/___/201___ presentei ante a Consellería de Benestar do Concello de Vigo, onde resido, solicitude de recoñecemento e percepción da RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA, en modelo oficial debidamente formalizado.

SEGUNDA-. Que, en virtude de dita presentación, foi incoado o oportuno expediente administrativo polos Servizos Sociais da citada Administración Local, con referencia nº _____ e que foi remitido á Consellería á que me dirixo, en cumprimento do disposto no artigo 24.7 da Lei 9/1991 de 2 de Outubro de Medidas Básicas para a Inserción Social en data _____.

TERCEIRA-. Que con data _____ se me notifica ó recoñecemento e concesión do dereito a percibir a RISGA con efectos do día _____.

CUARTA- Que dispón o artigo 9.2 do Decreto 374/1.991 de 24 de Outubro da Consellería de Traballo e Servizos Sociais que desenvolve a Lei de 2 de Outubro de 1991, de medidas básicas para a inserción social no relativo á renda de integración social que: “A resolución, concedendo o denegando a solicitude terá que producirse, necesariamente, no prazo máximo de tres meses, contados a partires do día seguinte de rexistro da solicitude inicial.

Transcorrido dito prazo sen ditarse resolución expresa entenderase concedido o subsidio básico da renda de integración social de Galicia, en tanto en canto non se resolva definitivamente a solicitude.

Este punto será de aplicación sempre e cando a DEMORA na RESOLUCIÓN non se lle poida atribuír ao propio solicitante.”

QUINTA- Que en aplicación dea lexislación reguladora dea RISGA, que se acaba de transcribir, no caso que nos ocupa deberá recoñecerse a esta parte o dereito a percibir as mensualidades da RISGA que transcorreron A PARTIR DOS TRES MESES DENDE A PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE, ate a data de recoñecemento efectivo daquela.

Desta maneira, presentada a solicitude en data _____, transcorrido, por tanto, o prazo dos tres meses o _____, e finalmente recoñecida a RISGA dende o _____, teño dereito ós atrasos correspondentes os meses de _____.

E isto porque, esta parte presentou toda a documentación que lle foi requirida e que se esixe na lexislación transcrita aos efectos da tramitación e posterior recoñecemento da prestación interesada. Polo que, a demora na tramitación do expediente non é atribuíble en ningún caso a miña responsabilidade.

Por todo isto, en aplicación do disposto no artigo 43 da Lei 30/1992 de 26 de Novembro, e demais preceptos legais xa transcritos, a falta de resolución expresa en prazo ten como efecto a estimación dea solicitude presentada por esta parte por silencio administrativo.

SEXTA- Que a todo o que ata o momento se acaba de expoñer, deberá engadirse como argumento para a concesión cautelar (estimación por silencio) que se está solicitando, a natureza e finalidade da Renda de Integración Social de Galicia, que tal e como expón a lei 9/1991, no seu artigo 1:

”A renda de integración social de Galicia se configura como unha prestación social destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a alcanzar a súa autonomía e integración normalizada mediante un proxecto personalizado de inserción.”

O incumprimento de prazos e a inactividade da Administración resulta moito máis inaceptable e, se cabe, ilegal, cando se producen en materia de servizos sociais, e dereitos básicos das persoas.

Non pode admitirse que por simples trámites burocráticos, ou atrasos inxustificadas, estease a privar a unha persoa coma min, que se atopa nunha situación de emerxencia social, desprovista de unha fonte de ingresos e dun medio de vida que me permita garantir as miñas necesidades máis básicas, como o alimento, o vestido e a vivenda.

O simple atraso nun mes na concesión da RISGA supón colocarme nunha situación extrema e desesperada.

Por isto, por medio do presente esixo que esta Administración Autonómica, competente en materia de servizos sociais, cumpra e faga cumprir os principios reitores e a finalidade das normas que regulen este tipo de axudas económicas, evitando que os mesmos se queden en simples declaracións de intencións, así como que, por medio do cumprimento estrito da legalidade, presten asistencia efectiva e puntual ás persoas que o necesitamos.

Polo exposto,

SOLICITO

Que tendo por presentado este escrito, dígñese admitilo e no seu oportuno mérito, teña por solicitado o recoñecemento e abono dos atrasos correspondentes á Renda de Integración Social de Galicia a nome de _____, e tras os trámites que resulten oportunos, dite no seu día resolución pola que, con estimación das alegacións efectuadas, **ACORDE ABOAR Á RISGA Á SOLICITANTE, CORRESPONDENTE ÓS MESES DE _____.**

Vigo, __ de ____ de 201__

Asinado